

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE LUGO EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

REUNIDOS

Dunha banda, Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, que en virtude do seu nomeamento por Decreto 65/2023, do 14 de xuño, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 144/2023, do 9 de novembro, polo que se modifica o Decreto 117/2022, do 23 de xuño Decreto, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (actual Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes).

Doutra, D. José Franco Criado, presidente da Federación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Lugo en virtude das atribucións que lle confire o artigo 16º dos Estatutos que rexen dita federación (nº 2012/000227 da Sección 2ª do Rexistro Provincial de Asociacións de Lugo),

EXPOÑEN

O Decreto 144/2023, do 9 de novembro, polo que se modifica o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, determina que no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pasa a denominarse Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

No Decreto 117/2022, do 23 de xuño recóllense as competencias en materia de protección civil e dispón que esta vicepresidencia e consellería a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspón-



denlle á Xunta de Galicia as competencias de cooperación e colaboración, podendo materializarse estas mediante a subscripción de convenios.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia), estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia dispoñen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

O artigo 49 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establece como fin principal a colaboración coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

A Federación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Lugo conta con persoal, pertencente ás agrupacións e asociacións que a compoñen, coa experiencia necesaria na prevención de riscos e intervención nas emerxencias, adquirida ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia.

O Servizo de Protección Civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día, os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar, en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración coa citada federación provincial, en materia de protección civil, entendendo esta como a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do seu coñecemento, poñendo en valor o interese da prevención e socorro así como a práctica individual e colectiva da autoprotección, como



medidas primordiais para evitar riscos ou cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva na provincia de Lugo por esta asociación provincial, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por iso ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeiro. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración, dentro do Sistema de Protección Civil de Galicia, entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Federación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento das actuacións de apoio que esta última poida aportar nas accións de prevención, promoción, divulgación, información, formación e socorro en materia de protección civil no ámbito territorial da provincia de Lugo, contribuíndo deste xeito á concienciación da poboación en xeral e de maneira específica ao persoal voluntario de protección civil.

A Federación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Lugo, informará coa antelación suficiente á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da programación de todas as actividades obxecto deste convenio.

Segundo. Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará na realización da actuación ao que se refire a cláusula primeira deste convenio, achegando a cantidade máxima de cinco mil cincocentos euros (5.500 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212A.481.1 e código de proxecto 2015 00107 dos orzamentos do ano 2024.

Terceiro. Formación e divulgación

Sen prexuízo das prestacións ás que, con carácter xeral, poida estar obrigada pola lexislación vixente sobre protección civil, a Federación Provincial de Agrupacións de



Voluntarios de Protección Civil de Lugo colaborará coas autoridades de protección civil de Galicia, en materia de formación, información e divulgación a todos os seus asociados, a través de cursos, xornadas, reunións divulgativas, elaboración da páxina *web* da federación e publicacións, así como a outros organismos, entidades, asociacións e poboación en xeral nas actividades que indiquen as autoridades de protección civil.

Cuarto. Autoprotección

De maneira específica a federación provincial participará como entidade colaboradora de protección civil da administración autonómica, en diversas actividades de promoción en materia de protección civil e, de maneira singular, en actividades de autoprotección e de formación do persoal voluntario de protección civil.

Quinto. Exercicios e simulacros

A Federación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Lugo, colaborará co organismo da Xunta de Galicia con competencia en materia de protección civil, na organización e realización de operativos, exercicios e simulacros, así como no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil, participando activamente nas campañas planificadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e colaborando cos parques de bombeiros locais ou comarcais e cos grupos de emerxencia supramunicipais "GES".

Sexto. Libramento dos fondos

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212A.481.1 e código de proxecto 2015 00107 dos orzamentos do ano 2024, por un importe de cinco mil cincocentos euros (5.500 €), o que representa o 100% do proxecto subvencionable.

O libramento dos fondos á asociación provincial por parte desta Vicepresidencia Primeira e Consellería efectuarase en dúas fases: un primeiro pago de catro mil catrocentos euros (4400 €) que será aboado á sinatura do convenio, de acordo ao establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o que supón un pago anticipado do 80 % con entrega de fondos con carácter previo á xustificación. En relación a este pagamento anticipado non procede a constitución de garantías con base no disposto no artigo 65.4, apartado f), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que



exime da obriga de constituír garantías aos beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, Transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.

E a cantidade restante, ata completar os 5500 € totais, serán sufragados ao remate das actividades do convenio, previa remisión por parte da asociación provincial á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dos seguintes documentos:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas, facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar esta vicepresidencia primeira e consellería é de cinco mil cincocentos euros (5500 €), reducíndose na mesma proporción á cantidade xustificada respecto do orzamento total (anexo I).
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Considéranse xustificantes de pagamento válido unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados dixitalmente pola persoa responsable da federación.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, de importe inferior a 1000 €, será suficiente a factura orixinal en que figure "pagado" xunto coa sinatura, nome, apelidos e o número de NIF da persoa que recibiu o cobramento na empresa subministradora, conformada e asinada dixitalmente pola persoa responsable da federación.
- Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, nos que figure a conformidade e sinatura dixital do presidente da federación como o "recibín" do perceptor desta compensación.
- Declaración do conxunto das axudas percibidas para o mesmo fin das administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como, de cumprir cos requisitos previstos no artigo 8 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas administracións públicas. Esta declaración enviarase a dirección xeral ao inicio da tramitación do convenio, no momento da percepción do anticipo e na xustificación final.

Terá a consideración de gasto realizado, para os efectos do disposto no artigo 29.2



da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecido ou ben non ser correctas na súa totalidade, verase reducida na mesma proporción que a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte da citada federación provincial das obrigas contidas neste convenio.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese a asociación como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2024.

Sétimo. Control financeiro

A federación provincial someterase ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que puidesen realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información que lle sexa requirida no exercicio desas actuacións.

En especial, deberán facilitar a información que lle sexa solicitada por esta Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Oitavo. Compatibilidade da subvención

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o previsto no artigo 17.3. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.



Noveno. Reintegro dos fondos

A federación provincial comprométese a comunicarlle ao órgano concedente a modificación das circunstancias que desen lugar á concesión da subvención, en canto se coñeza, ou ben, en todo caso, con anterioridade á xustificación dos fondos percibidos.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta Lei, a citada entidade comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigos 37 e seguintes da mesma norma legal.

Décimo. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración Pública Galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo primeiro. Comisión de seguimento

Crease unha Comisión Mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

- A persoa responsable dunha subdirección da dirección xeral



- Un técnico dependente da mesma

Pola federación provincial:

- O presidente e o secretario

Décimo segundo. Modificación do convenio.

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas partes que asinan este convenio.

Décimo terceiro. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola non presentación das facturas correctas antes da data estipulada para o termo da súa vixencia, tanto para a percepción do anticipo como na xustificación final.

Décimo cuarto. Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de seguimento, polo vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, poñendo así fin á vía administrativa.

O presente convenio terá carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a citada lei, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

Décimo quinto. Vixencia do convenio

A data de efectos do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, se ben considérase a súa eficacia respectos dos gastos orixinados por actividades do tipo especificado no convenio dende o 1 de xaneiro do



ano en curso.

En proba de conformidade, asínase dixitalmente o presente convenio na data que figura á marxe.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Pola Vicepresidencia Primeira e Con-
selleira de Presidencia, Xustiza e Deportes

O vicepresidente primeiro e conselleiro

Diego Calvo Pouso

Pola Federación Provincial de AVPC de
Lugo

O presidente

José Franco Criado



ANEXO I**FEDERACIÓN PROVINCIAL DE AVPC DE LUGO****ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS**

CONCEPTO	Custe
Actividades de prevención, divulgación, formación e desenvolvemento dos plans de protección civil	4000,00 €
Material funxible	700,00 €
Outros gastos	800,00 €
TOTAL ORZAMENTO	5500,00 €

